



ASUNTO: ACTUALIZACIÓN NORMATIVA USOS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS ESTABLECIDOS POLA ORDE DO 15/02/2021.

PROTOCOLO DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS EN BASE ÁS RESTRICIÓN VINCLADAS COA ORDE DO 15 DE FEBREIRO POLA QUE SE DISPÓN A PRÓRROGA E A MODIFICACIÓN DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS PREVISTAS NA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021, COMO CONSECUCENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Atendendo ós criterios e condicionantes establecidos na Orde publicada no DOGA do 15 de febreiro en referencia á actividade deportiva, propóñense as seguintes limitacións no uso das instalacións deportivas municipais:

1. **Actividade autorizada:** Manteranse abertas as instalacións deportivas municipais para a práctica deportiva federada de ámbito autonómico e nacional, que axustaranse ós correspondentes protocolos Fisicovid aprobados polas Federacións correspondentes e autorizados polas autoridades competentes.
Excepcións: Permanecerán pechadas as seguintes instalacións:
 - Piscina de Lavadores.
 - Piscina de Teis.
 - Piscina de Valadares.
 - Ximnasios do Carme e do Berbés.
 - Centros Maisqueauga de Barreiro, Florida e Navia.
2. **Horario xeral:** As instalacións permanecerán abertas ata as 23,00h. Non obstante os adestramentos rematarán segundo os límites establecidos e autorizados polas autoridades competentes para cada deportista ou colectivo.
 - Saída instalación: 23,00h.
3. **Vestiaríos:** O uso de vestiarios e duchas queda restrinxido ó desenvolvemento das competicións de categoría absoluta de ámbito nacional, cunha limitación de ocupación do 30% da súa capacidade. Non se autoriza o uso de vestiarios nin duchas nos adestramentos.
4. **Instalacións pechadas parcialmente:**
 - Piscina do Carme (Manterá un horario de apertura de 14.00h ás 21.30h de luns a venres para atender a actividade deportiva federada de ámbito nacional coas limitacións á que estas están sometidas na Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia).
5. **Pistas de atletismo: Especificidades:**
 - Acceso exclusivo a deportistas federados.
 - Horario: Os adestramentos rematarán segundo os límites establecidos e autorizados polas autoridades competentes para cada deportista ou colectivo.
 - Horario límite de remate actividade: 22,15h.
 - Peche instalación: 22,30h.
 - Uso obrigatorio da máscara de forma permanente no interior da instalación.
 - Reserva previa obrigatoria.
6. **Pistas de tenis e pádel de Samil: Especificidades:**
 - Acceso exclusivo a deportistas federados, que deberán presentar no acceso á instalación o documento acreditativo de estar federado xunto co DNI.
 - Horario: Os adestramentos rematarán segundo os límites establecidos e autorizados polas autoridades competentes para cada deportista ou colectivo.
 - Horario límite de remate actividade: 22,00h.
 - Peche instalación: 22,30h.
 - Uso obrigatorio da máscara de forma permanente no interior da instalación.
 - Reserva previa obrigatoria.

Vigo, 17 de febreiro de 2021